

## RESUME VALORACIÓN ANÁLISE-DIAGNOSE DO PXOUM PLAN COMUNITARIO DE TEIS . OUTUBRO 2002

Dende o **Plan Comunitario de Teis**, coordinadora de barrio, presentamos o seguinte informe co ánimo de colaborar e suxerir propostas, feitas en base á problemática existente en Teis, no que se refire a servizos, cultura e tempo libre, infraestruturas e medioambiente.

Este informe non pretende ser insolidario nin localista, responde a unha problemática real e grave, pola que a través dos seus colectivos, e co financiamento municipal, naceu este proceso comunitario.

Pensamos que esta problemática non está o suficientemente reflexada no avance do Pxoum, nin o suficientemente consultada entre os sectores de poboación, profesionais, servizos,.

Así, desa análise e diagnose pouco profunda, só se teñen feitas propostas serias só nunha parte do noso barrio, coincidindo unha vez máis en priorizar o paso casco urbán da cidade como entrada sur.

Como proceso comunitario que somos, suxerimos unhas puntualizacións para que se analicen, quedando á disposición para o debate e análise das mesmas, xa que como coordinadora e proceso comunitario así é a nosa metodoloxía de traballo, na aposta polo diálogo, tal e como figura tamén nos obxectivos xerais do avance do Pxoum.

### 1. SERVICIOS

Partindo da clasificación que o propio Pxoum fai dos servizos en Municipais, Supramunicipais e Parroquiais, un análise xeral e feito máis en profundidade con colectivos os que non se consultou para o avance ( Consello de directores, Consellos de Saúde,...) podería destapar datos novos e importantes á hora de facer unha diagnose axeitada sobre a convivencia entre servizos supramunicipais e parroquias, sendo o caso de Teis, un exemplo evidente de barrio de servizos supramunicipais, cousa que non vemos mal, pero sen ter en conta o suficiente o déficit de servizos parroquiais ( biblioteca, espazos de recreo, parques infantís, problemas de comunicacións e infraestruturas,.. ), aspecto que é vital á hora de analizar propostas serias e viables de servizos dignos para a importante poboación que vive en Teis.

#### ○ SAÚDE

Sería interesante reflexar no informe os datos de poboación atendida e problemáticas máis frecuentes, puidendo obter así unha idea do volume de poboación dos centros de saúde, e interrelacionar estes resultados con outras variables como a dos accesos ós mesmos, tipo de poboación, características familiares,...sorprendéndonos que analizando cos datos que xa se manexan de vivenda, idade, ... non se teñan feita reserva para equipamentos de saúde e problemática da terceira idade pola cantidade de poboación atendida en Teis.

- **EDUCACIÓN**

Estando dacordo nos contidos fundamentais, sería máis completo o análise se se escoitase as opinións do Consello de directores respecto o avance e engadisen as súas suxerencias.

Exemplo de terlles consultado podería ser o que está sucedendo na realidade, as problemáticas dos centros públicos e o seu uso fóra de horas lectivas e problemas de vandalismo derivados de non existir unha regulación ó respecto, tendo en consideración que esas instalacións son terreos e patrimonio municipal.

- **SERVICIOS SOCIAIS**

O importante número de vivendas sociais que existe no barrio, con construcións de baixa calidade, daría pé a necesidade dun análise máis profundo.

Si se tén en conta o alto volumen de poboación que vive nestes bloques, podemos decatarnos da proliferación dunha concepción urbanística pseudomarxinal, que dista moito do dereito a unha vivenda digna e aquela así como o nacemento de problemáticas moi concretas, e creando marxinalidade tanto urbanística como social.

- **SERVICIOS ASOCIATIVOS**

Sinalar a existencia das Fincas de Cobas e Atalaya, que volvendo o mesmo, concíbense como servicios supramunicipais, concebidos de xeito incompatible cas necesidades de servicios e espazos de encontro en Teis.

Observando a misturación de servicios, gardería con dotacións asociativas ( viveiro de asociacións e local vecinal en Atalaya ), tendo en marcha un centro cívico en Cobas, botando de menos unha norma para a normalización ordenación dos usos.

- **TRANSPORTE PÚBLICO**

Problema dos tempos de desplazamento,non tanto da frecuencia das liñas, derivados da problemática de transversalidade ( como solución, o xa nomeado outras veces tratamento da autoestrada como vía urbán ) Isto obriga a sectores da poboación a utilizar os servicios adscritos, desprazándose por ter mellor comunicación para os restantes noutras zonas da cidade ( comercio, ocio,..)

## **2. CULTURA E TEMPO LIBRE**

Bótase en falta a definición diferenciada de zonas verdes, parques forestais ou zonas de xogo, o que non permite facer unha análise de zonas de xogo en Teis, onde hai carencias neste sentido importantes, xa que os parques forestais, zonas verdes ou de xogo, non teñen a mesma función social.De aí a importancia de diferencialas para clasificar ben os usos.

○ **PARQUES**

Necesariedade de concepción da Riouxa como parque urbán, e debido a carencia de espazos comúns, a facilitación dun palco permanente dacordo co entorno.

○ **ZONAS VERDES**

Necesariedade de consideración de CAMPSA como zona verde, tal e como aparecía no Pxoum do 93

○ **ZONAS DE XOGO**

Creación de zonas de xogo abertas e cubertas, co aproveitamento dos propios recursos do barrio.

Pérdida da zona deportiva reservada no Pxoum do 93, terreos lindantes ó Pavillón Municipal.

### **3. INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE**

Tal e como se apunta no avance, no apartado de obxectivos, criterios e propostas do Pxoum do tomo VI, consideraranse obxectivos de Rango Xeral, os principios básicos que deben fundamentar a acción pública na Actividade Urbanística e que están recollidos nos artigos 45 a 47 da vixente Constitución española que de seguido se transcriben :

#### Artigo 45

1. “ Todos teñen dereito a disfrutar dun medioambiente acaído para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. “
2. “ Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co gallo de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o mediambiente, apoiándose na indispensable solidaridade colectiva. “
3. “ Para quen viole o disposto no apartado anterior, e nos termos que a lei fixe, estableceranse sancións penais ou, no seu caso, administrativas, así como a obriga de reparalo dano causado “

#### Artigo 46

“ Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o arriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integren, calesquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio. “

#### Artigo 47

“ Todos os españois teñen dereito a disfrutar duna vivenda digna e aquela. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo dacordo co interés xeral para impedir a especulación. “

“ Estes principios, amais da existencia legal, enténdese como o fundamento esencial para a redacción do Pxoim de Vigo. “

Sendo coherentes con estes principios,e na búsqueda do seu cumprimento, é imprescindible sinalar en Teis a problemática social provocada pola falta de comunicación do casco urbán, e a necesidade dun urbanismo harmónico, en función de protexer e mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns. Esta problemática, a nivel infraestructural, veríase en parte solucionada co axeitamento de viais transversais e a consideración da autoestrada como vía urbán dende Rande que permitan non só a mobilidade interna no barrio senón a humanización do mesmo.

Así como o tratamento do impacto ambiental no tramo A9 e na variante Rande-Puxeiros. Tamén a recuperación do litoral de Teis, analizando a problemática da súa degradación, así como facer unha diagnose para acadar as medidas correctoras para a súa recuperación non só como parroquia, senón para o conxunto da cidade de Vigo.